

**A: MILITANTES E AFILIADOS/AS DIRECTOS/AS
DE: SECRETARÍA DE ORGANIZACIÓN DA CENG.**

Estimado/a compaño/a:

Os Estatutos Federais prevén nos seus artigos 3 e 4 a existencia de correntes de opiniónno PSOE. Actualmente a única corrente de opinión estatutariamente constituída é Esquerda Socialista.

Como corrente de opinión do PSOE, debe respectar os principios da organización no seu funcionamento e a elección do seu órgano coordinador debe cumplir os principios de democracia interna e garantía de participación de todas as persoas vinculadas á corrente.

Desde a Secretaría de Organización Federal iniciouse o proceso para a renovación da Coordinadora Federal da corrente de opinión Esquerda Socialista. A Asemblea Federal de Esquerda Socialista celebrarase en Madrid, o sábado 11 de setembro, e estará formada polas delegacións resultantes dos procesos autonómicos, provinciais ou insulares, elixidas tras as respectivas votacións.

No ámbito da Comunidade de Galicia, **a Asemblea de elección dos delegados e delegadas que acudirán á Asemblea Federal celebrarase o vindeiro sábado día 4 de setembro, en primeira convocatoria, ás 11hs e ás 11.30 hs en segunda convocatoria, no Hotel Monumento de San Francisco** (Campillo de san Francisco 3, Santiago de Compostela, <https://www.google.com/maps/dir/42.883308,-8.5455755/@42.8832031,-8.5445204,17z?hl=es>) coa seguinte **Orde do Día**:

1. Constitución da Asemblea e Elección da Mesa.
2. Exposición da situación de Esquerda Socialista e formulación de obxectivos de Esquerda Socialista de Galicia para a Asemblea Federal.
3. Presentación da/s candidatura/s de delegados e delegadas á Asemblea Federal de IS-PSOE.
4. Votación da candidatura ou candidaturas presentadas.



CONVOCATORIAS

NORMAS PARA A ELECCIÓN, PROPOSTA DE CANDIDATURAS E VOTACIÓN

- Aquel/a militante que desexe participar na Asemblea deberá estar **presente persoalmente na mesma**.
 - Desde a área de Organización da Comisión Executiva Nacional Galega, **verificarse a inclusión dos presentes no censo oficial** de militantes facilitado polo DAMYC para ese efecto, permitindo a participación na Asemblea unicamente as persoas que ostenten a condición de militantes do PSOE.
 - O **número total de delegados e delegadas a elixir** conformarase en función do número de persoas de pleno dereito presentes, co baremo de **1 delegado/a por cada 10 militantes presentes ou fracción superior a 5**.
 - As candidaturas serán presentadas polos integrantes da propia Asemblea en **listas completas, pechadas e bloqueadas**, con tantos integrantes como postos de delegados/ as a cubrir con igual representación de homes e mulleres ordenados de forma alternativa (**listas cremalleira**). Se algúin dos membros da candidatura non estivese presente, deberá aceptar a súa inclusión na mesma. Poderá incluírse ata tres suplentes.
 - A votación realizarase mediante **voto presencial e individual dos asistentes**. Será a **man alzada** salvo que algúin, algunha dos presentes solicite que sexa secreta, nese caso farase en urna.
- A delegación xurdida da votación acudirá á Asemblea Federal que elixirá, previa proposta dos/as delegados/as desta, á Comisión Permanente de Esquerda Socialista. Un afectuoso saúdo socialista.

José Antonio Quiroga Díaz.

NOTA IMPORTANTE: O proceso de verificación dos/as asistentes/as realizarase dende ás 10.30 hs do sábado día 4 deica o comezo da asemblea en segunda convocatoria. Imprescindible aportar DNI.